



EMIGRANTES DE CARNOTA EN NOVA YORK. ENTREVISTA 2

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ViMa_0001_001B_en_0_00_01_id603_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_ViMa_0001_001B_en_0_00_01_id603.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista

DATOS DA ENTREVISTA:

- **DATA DA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 14/06/2011
- **LOCALIZACIÓN:** Queens. Nova York. USA
- **INFORMANTES:**
Nome: José Alvela e a súa muller, coñecida como Lola de Caxón
Idade no momento da recolla: máis de 70
Lugar de nacemento: San Mamede (José) e O Vilar (Lola). Carnota, A Coruña
Ocupación: Xubilados. Tiveron diversos traballos
Lugar de residencia: Queens. Nova York. USA
Ano de emigración: 1971
- **RECOLLEDOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COMPILADOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COLECCIÓN:** Manuel Vilar Álvarez (ViMa)

NOTAS DA RECOLLA

A entrevista foi realizada, xunto con outras, dentro dun traballo de campo sobre a emigración galega á Nova York. Unha primeira aportación foi presentada ao Congreso *Galicia: Éxodos e Retornos* organizado polo Consello da Cultura Galega en xullo de 2006.

Martes 28 de marzo de 2006. Vou á súa casa na rúa 26, entre a avenida 20 e a 21, na zona de Ditmars (Astoria, Queens). A rúa 20 está cortada por un gran colexio católico, o St. John's; a avenida 20 xa marca o final do barrio e limita coa planta eléctrica de Con Edison.

Os dous está xa xubilados e chegaron aquí en 1971. Na súa casa viviron os pais de outra muller de Carnota. Agora vive a irmá desta e pronto se vai cambiar o fillo, que vive enfrente, pois vendeu a casa. Na casa do fillo vive tamén outro carnotán, e tres casas ao lado da de Lola outro máis, que ten unha pequena empresa de construción.

Falan os dous, aínda que máis das veces é el o que leva a voz e tamén está sentado máis cerca de min. Ela levántase a atender o teléfono e a facer café. Estamos na sala e a televisión está encendida nun canal hispano. Despois imos para a cociña tomar café e, antes



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

de marchar, ensínanme a casa: “o basement”, onde vivían antes e que acaban de arreglar, e o “yard”, onde antes sementaban algo pero agora xa non porque “as ardillas acababan con todo. Agora vai vir o fillo e poñerémolle cemento”.

Na entrevista, ademais da temática da emigración, os informantes tamén falan de aspectos da súa vida previa a emigrar. Destacan as referencias ao traballo de José Alvela na marina mercante e na pesca, ou as relacionadas co tempo de lecer, como cando se regueifaba.

CONTEXTO ETNOGRÁFICO

A emigración galega á cidade de Nova York é algo moi presente en varias zonas de Galicia, como na franxa de costa que vai desde a poboación do Ézaro até Ribeira. Ademais, comprobamos que é unha emigración histórica, cando menos desde finais do s. XIX, e que varias xeracións dunha mesma familia emigraron á “Gran Mazá” e cidades da súa órbita sucesivamente.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

A transcripción foi realizada polo propio compilador Manuel Vilar Álvarez e revisada por el mesmo e o persoal do APOI no ano 2021.

Á hora de transcribir respectouse a pronuncia das informantes e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse como foron ditas. Destaca a grande cantidade de anglicismos galeguizados que se empregan, os cales aparecen destacados en cursiva.

Os fragmentos que aparecen no texto entre corchetes [] son intervencións do entrevistador na conversa e os fragmentos entre parénteses () son notas aclaratorias introducidas polo mesmo. O signo (*) indica que a palabra/expresión non se puido transcribir por non escoitarse ben.

Coa finalidade de diferenciar aos informantes, cando fala Lola de Caxón o texto vai subliñado.

Para esta entrevista eliximos presentar o son editado para adecualo á súa escoita online. A gravación orixinal pódese escoitar na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

PALABRAS CHAVE

emigración, América, familia, traballo do mar, Carnota, regueifa, escola, dereitos sociais, seguro de traballo, Santiago Apóstol, foliada, sardiñada, ocio, procesión, santo, restaurante, traballo da muller, factoría téxtil, sindicato, pesca, marisqueo.

BIBLIOGRAFÍA

VILAR, M. (2010): "*Vin porque me trouxeron, non quería vir*", de *Carnota a Astoria. A emigración de Carnota na cidade de Nova York*. Estudos Migratorios, vol. II, nº 2, pp. 69-90.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA

Tanto as notas da recolla como o contexto etnográfico foron redactadas polo compilador, Manuel Vilar Álvarez.

A edición desta ficha informativa e revisión do contido é de Sara Santalla Iglesias (APOI).

TRANSCRIPCIÓN DA ENTREVISTA

(...)

__ Usté leva aquí 36 anos e doce anos embarcado

[...] E doce anos alá. [Embarcou cando casou ou antes] Cando casei. Ó ano, non? [E antes de casar en que traballaba?] Na casa, si. [Iba ó mar?] Fun ó mar tamén. [Pero na casa que era, na agricultura?] Na agricultura. Si, si. Meus pais tiñan terreos e vacas e eu traballaba alí na casa de meu pai, porque daquela salíase pouco, non sabes?, ou sea que salíase algún pra Argentina, outros salían pro Brasil, pero non era unha emigración como hai agora, non sabes? pa calquer lado e non era tampouco gran ... [Pero na súa casa xa houbera xente que marchara fóra] Si, meu pai tuvo na Argentina e na nosa casa meus irmáns dedicáronse todos, boeno, teño un irmán, máis ben a navegar. Meu irmán levou navegando toda a súa vida, asta que está agora pensionado pola marina. [E vive alá?] Vive alá, nunca saliu máis que a navegar. E eu salín navegar doce anos e despois vin praquí e aquí levo 36, ou sea que tamén salín tempo a jodelo non sabes?, 36, 46, 48 anos fóra da casa. Entonces muitas veces, en fin, por exemplo o Rieiro (refírese a un veciño deste lugar de quen falamos anteriormente) como se conoce éramos amigos. [Pero é máis novo ca usté] Si, é máis novo ca min, pero como eu me casei de vello el xa era mozo, tiña vinte e pico anos, non sabes? eu se cadra tiña trinta, sabes, estaba solteiro eu entonces conoціámonos deso, de rapaces, non sabes? Mais el estuvo navegando. El é bo rapás, é un bo rapás dos que hai alí, dos bos amigos, é unha familia que non era mui rica pero unha familia buena, mui buena, os pais, as irmáns, en fin. Había dúas casas alí que eran as dúas casas. Vouche contar unha anécdota: había alí un de Louredo Era un home pois non tolo, non sabes?, pero medio enfelixote. E entonces el colliu unha moza da montaña, e despois casouse ca moza esa, ca da montaña, non sabes? Porque daquela as da montaña querían vir pa Carnota anque fora con quen fora, non sabes? baixando pa' Carnota. Querían casar, (risas) Querían vir para acá, tiña máis mérito ser de Carnota que da montaña, bueno. Entonces un día disque iba ca moza e preguntoulle a moza: e esas dúas casas aí, porque ela viñera a feira a Carnota e viña acompañala astra alá arriba, non sabes, á montaña. E díxolle: esas dúas casas que tan aí que eran. Eso son dous almacéns meus, díxolle el, que eran dous almacéns del. Entonces despois curriuse o conto do almacén, non sabes? Non sabes que daquela cantaban a regueira? [Si] Cantaban a regueifa, eu fun á regueifa sendo rapás, e entonces cantáronlle a regueifa e cantáronlle todas esas cousas que dixera el, non sabes?, de que eran almacéns seus, de que non soubera a doutrina e todas esas cousas. E había alí un que lle ensiñaran unha regueifa, un vello dalí, e quería cantar, non sabía máis que esa, que lle ensiñaran, e quería cantala e os que estaban cantando a regueifa díxíanlle: xa cantarás coño, xa cantarás!. E entonces díxéronlle: canta tu a regueifa. E díxolle:

Pues ya que es así,

Y no supo la dotrina

Que lo lleven al pullero

Que le cagen las gallinas.



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
Estudos das
Identidades



— E onde cantaban a regueifa?

Á porta dos casados, non sabes? Daquela non había luna de miel, nin nada, casábanse e facían unha festa na casa. Viñan os irmás dela, os irmáns del, amigos non sabes? e a festa era na casa, e entónces aí as oito da noite ou ás nove facíase a fuliada, con panderetas. Todo o mundo a bailar e cantar alí, cas panderetas e, despois ó último, cantábanlle a regueifa, dous. [E bailábase co bolo de pan na cabeza?] Si, e viñan botellas de caña, e bolos de pan e eso, non sabes? Pero a regueifa moitas veces era mal cantada, non sabes?, amais faltaban moito á familia, non sabes? Porque a rigueifa pra cantal aínda leva unha miga, non sabes?, pero despois metíanse moito ca familia, entónces había líos cando se metían ca familia, porque... E achacávanlle os mozos que tuvera, que ... e saían as cousas. Cantáballe unha vez un que era carteiro dalí, carteiro vello, bueno, vello agora, que xa murriu hai tempo. Era mui bo cantador de rigueifa e cantáballe el e máis outro a rigueifa, pero enfadáronse os dous e empezaron a cantar un ó outro. Empezaron a cantar, en vez de cantarlle á familia empezaron a cantar un ó outro, e o da montaña que lle cantou ó outro díxalle que el andaba ca carteira ó lombo repartindo cartas, non sabes? e que iba a Muros a buscar o correo. E achacáballe eso, non sabes? E díxolle o outro:

A mais non hai moitas leguas,

Tamén che vin eu a tí

Lambéndolle o cu ás éguas.

O outro era da montaña, non sabes? [Ahora xa hai poucas regueifas] No, xa non hai. No, agora xa é outro mundo distinto.

Unha vella que se casou alí que se chama Esclavítú do Viso, onde está ese bar, que agora sobriños casados alí, casouse cun vello. Ela tuvera mozos, moitos e non se casara, ou non a quixeron ou non quería ela, entónces cando se casaran de vellos fui tamén este e díxolle:

Esclavítú, miña Esclavítú –chamábase ela-

Esclavítú, miña Esclavítú

Ó cavo de corenta anos

Chegouche a calor do cu.

Xa tiña corenta anos cando se casou.... En fin, pasábase o rato. Había o que había, non sabes? e era máis sano ca esto. Era máis sano e máis bonito, agora é moita.... e presumir, eu teño esto, eu teño tal e, daquela, todos tiñamos o mesmo: uns zocos e un pantalón de mahon o que o tiña.



__ E vostede onde foi a escola?

Eh, eu fun á escola en Samamede (San Mamede, parroquia do concello de Carnota). En realidade había unha boa escola daquela, unha boa escola, eu fun á escola asta os catorce anos, que era o que había, eu fun asta o máximo, non sabes? Eu cando salín da escola sabía bastante, non? Sabía regra de tres e compañía, álgebra e todas esas cousas. Aínda sei, non se me olvidou moitas cousas deso, era escola que había daquela, privada, daquela non había católica, agora hai católica, e así.

__ E cando casou porque foi ó mar, xa navega seu irmán, tiña un contacto?

Non. Eu anduven antes á pesca co pai dese rapaz que vistes ti aí (refírese ao de Caldebarcos que naceu en Muros e viven tamén aquí), o sogro de Mari Carmen (esta é a muller do anterior e é do Viso). O sogro de Mari Carmen, o avó, o sogro, o avó de Mari Carmen, o avó do home de Mari Carmen, foi o patrón de pesca dos mellores do mundo. Traballou en Muros pa un armador, chamábase Xusto de Vázquez. Traballou en Muros moitos anos nunha motora de Carraspello. Carraspello é un dalí que tiña varios barcos de pesca, todos de pesca, e traballou moitos anos, e entón este rapaz, o Xaquín, chamábase Xaquín, o pai deste chamábase Xaquín e non sei si murriu se non. O pai fixo tamén os exames de patrón de pesca, pero non era bueno, non saliu como o pai nunca. Eu fora con ese Xaquín nun barco que lle mandara, doullo o Carraspello máis ben por mediación do pai, máis ben por mediación do pai... e despois dalí caseime e non había po onde ir e había que navegar. A min recomendarame meu pai, que meu pai estaba navegando tamén. Meu pai estivera na Argentina sete ou oito anos, despois viñera paquí e despois fui pa navegar, buscareme a min unha praza e fun praí e naveguei doce anos. [E a compañía de onde era?] Chamábase a Real Compañía Asturiana de Minas, era a compañía asturiana, eran uns barcos que, esa compañía tiña minas propias, non sabes? e os barcos traballaban pra mesma compañía. [Levaban carbón?] Non era carbón, era unha clase de minas, quitaban *ácido flúrico* (sic) Sabes que é eso? Era líquido. E entón os barcos eran cargueiros e despois puxéronlle tanques e cargaban con manguera ese *ácido flúrico* e despois navegábamos tamén a Alemaña e todo por aí ó extranxeiro, non sabes? Por aí naveguei doce anos. Eran barquiños buenos, ganábase prata, moita prata. O que non había, nos barcos o sueldo era todo igual, o sueldo era todo sueldo base, non sabes?, pero despois donde se facían cartos eran nas horas extras, non sabes? Había barcos donde non che daban horas ningunha e aí tiñamos un tope de horas de 140-150, porque nos facíamos máis e entón poñíannos un tope para non exagerar, non sabes? e facíanse cartos.

__ Entón decidiu vir para aquí?

E despois eu estaba ben, eu mareábame moito así e todo, eu mareime sempre [Ah si, non lle gustaba?] Mareábame, tiña o estómago blando cando había mal tempo. Pero entón viñemos paquí porque estaban aquí uns irmáns dela. Amais nos estábamos, agora non cho sei explicar. Na cota esa que hai. Na cota, porque ademais nos temos medio irmán aquí que



é Américo, naciú aquí. Pero pola cota non vén Nacera aquí, e estuvo uns anos alá asta a guerra de España. [Usté ten un irmán que naceu aquí?] Si, dous irmáns aquí, medios irmáns meus. Papá casouse dúas veces. [Entón seu pai xa estivo aquí?] Meu pai estivo aquí, estivo no mar e despois vén praquí. Despois tuvo aquí, casouse aquí e tuvo dous fillos, murriulle a muller e entón o fillo que era maior, maior non, un pouco maior, quedou cos avuelos, cos pais da muller e el trouxo o máis novo praquí. Praquí non, pra España. Pra España, tiña sete anos, e despois casouse alá ca nai dela, non sabes?. E despois casou con mamá. E despois tuvo fillos ca outra muller, pero o que quedou alí no 36 ven paquí, reclamouno o goberno americano, non sabes? cando fui a guerra de España, tiña que ir pa guerra. Cando fui a guerra de España. Entón tiña que ir pa guerra e presentouse no consulado americano e o consulado americano mandouno paquí, con pasaxe pago e todo. [Xa nacera aquí, e a muller era americana?] Era americana. A muller era (*) pero nacida aquí e morreron as irmáns delas, todos morreron aquí. Non sei, foron unha vez a España. Nós viñemos por cota, si, como é? Era unha cota familiar, polo asunto de familia, non sabes? Meu irmán, ese medio irmán foi o que nos reclamou, estábamos nos apuntados, entón el estaba navegando (o marido), nós estábamos tranquilos alá pensando que xa non iba chegar nunca a reclamación. Era cando empezaron a vir praquí, quería vir todo o mundo praquí, a vir a xente praquí, entón, á hora menos pensada, cando menos o pensábase chegounos os papeles dicindo que tínhamos que ir a Madrí e tal, e despois dicidimos e viñemos praquí.

Daquela cando vin eu praquí [Fui no ano 70?] No 71, había quen pagaba cartos pra vir praquí, cantidá de cartos, non sabes? porque aquí. En Madrí había un tal García, que era español, pero estaba traballando en complot ca embajada americana, pero todo por cartos, chegas alí e tiñas que darlle 5 ou 6 mil pesetas e el metíache a ti de camuflado, non sabes? Eu recórdome que cando fun eu alí, cando vin praquí, busquei a el, busquei a el para que me mandara máis pronto, non sabes? porque eu viña igual, pero el podíache atrasar alí a vida, non sabes?, porque el era o jefe alí va. E entón fun alí e un día leveille 3 mil pesetas, e recordoo ben, e díxome: non, ti non tes nada que darme a mín porque ti vas por cota. Pero quero ir o máis pronto posible, non sabes?, ou sea que non quero que usté me atrase os papeles, claro. Efectivamente, en seguida, nun mes ou dous viñemos. Entón díxome el: eu non sei que pensan os españoles que hai na América, pensan que os dólares caen, que hai asta quen ofrece sen mil pesetas, daquela, pra vir praquí. Eu teño un fillo alá e eu vou de vacacións e alí os dólares hai que ganalos, hai que traballalos, non caen, non caen de golpe. Pero a xente creía, non sabes? que os dólares caían de golpe. Era mentira, era verdá que os dólares hai que ganalos tamén.

— Ou sea que vós viñestes cos papeles?

Nos viñemos legais, si. [Porque o outro día coñecín a un de Pedrafigueira que aínda está aquí sin papeles] Pode ser, hai moitos aínda. Oh si, aínda hai moitos, e algúns tiveron avogados e colléronlle os cartos e non lle fixeron nada. E hoxe é máis difícil. Hoxe é moi difícil. [E cando chegástedes aquí, claro xa tínades o cuñado?] Nos xa tínhamos aquí os dous irmáns, o menor amailo maior, boeno o maior xa... Ela tiña os dous medios irmáns amais os dous irmáns propios. Si, pero xa estaban aquí. [Xa estaban aquí os catro?] Si, estaban todos aquí, e entón... Un dos medios irmáns non fui nunca a España, o máis vello,



chamábanlle José, ese nunca fui a España, pero falaba español, e o outro fui a España, estivo en España desde os sete anos astra os 21, que vén praquí, despois cando estallou a guerra en España. E estaban os dous, eses dous eran irmáns propios e estes eran medios irmáns destes, irmáns polo pai e non pola nai. Pero sempre se levaron todos ben. Pero sempre nos levamos ben. Meu irmán o que quedou aquí, o que fui alá e despois ven praquí cando fui da guerra, mandávanos sacos de roupa, porque alá había muita escasez e nos tuvemos muita escasez porque eu, dígoche a verdá, en canto papá viviu, papá era zapateiro, facía zocos, facía zapatos, bueno, facía todo eso. [De donde é usté?] De Carnota mesmo, de Carnota, non de Carnota na praza, un pouquiño praquí, de Vilar. E entonces o propio papá e muitos quedábanlle a deber, tiña que pagar o couro, tiña que ter o carto pra comprar o material, despois non lle pagaban, bueno, sacouse deso pero estivo muitos anos, tiña máquina de zapateiro, estivo muitos anos, e despois dedicábase á pesca. E nos non tínhamos terreos porque papá e mamá casáronse e non eran da casa de labradores, casáronse os dous. non sabes? un era dunha casa e outro doutra, boeno, entonces vivíamos deso, dos terreños que traballábamos amais do que papá facía no mar, íbase vender o peixe e íbamos pasando como daquel tempo pero bastante ben. Pero resulta que papá murriu e eu que era a maior tiña 19 ou 20 anos, unha tiña 6 anos e os dous irmáns que morreron aquí un tería Antón, xa deixou a escola, non acabou a escola, era mui listo na escola, pero non a pudo acabar, e o outro tamén e deixaron todo e empezaron a salir xa ós 16 anos, empezaron primeiro alí nun aserradero a traballar, que había alí, no aserradero o máis vello que o máis novo xa marchou para Bilbao [No aserradero do Ruco?] Do Ruco, si. Daquela estaban xuntos o Ruco emais Argimiro, porque viñeron os dous pa Carnota xuntos. Despois traballaron alí e despois meu irmán un xa marchou para Bilbao, collio o barco e andou navegando, e andou sempre así navegando, navegou nos barcos extranxeiros, e despois ven para aquí, tamén, ven para aquí, porque xa estaba Antón aquí. Antón o maior sempre tuvo a idea de vir praquí, navegaba e sempre quería quedarse e unha vez quedouse e collérono e tuvo que volver para alá, e despois tuvo unha temporada sin papeles e non podía ir nin para navegar nin para nada, porque non tiña papeles, e pasouno mal unha temporada grande pasouno mal, e despois, por fin, colliu outro barco cando conseguiu os papeles, colliu outro barco e quedouse aquí e, desde esa, quedou aquí sempre.

— A ver si me enterei do de seu pai: seu pai casou alá.

Meu pai casouse en Estados Unidos, aquí. El estivo en Cuba e vén praquí, e casouse aquí. Tuvo dous fillos, e murriulle a muller e despois marchou pralá e levou o fillo máis pequeno pralá, o fillo tiña 7 anos, o máis pequeno. O máis vello deixouno cos avós, cos pais dela. Quixo quedar el. Quixo quedar cos avuelos, e entonces o máis novo fui co pai pralá, e alá casouse con miña sogra, e entonces alí con miña sogra tuvo dous, tres, tuvo catro fillos. Tuvo máis. Boeno, tuvo catro fillos. Os catro vivos, pero morreron tres. Boeno, tuvo catro fillos. Murriu un de cinco anos, un de tres meses e outro naciou morto, así que éramos tres, catro, cinco, seis, sete. Cando fui a guerra de España o máis vello, o que era daquí, nacido aquí, fui o que veu praquí porque tiña que ir pra guerra e presentouse no consul americano e o consul americano mandouno praquí, con viaxe paga e todo. Entonces fui cando despois...[Como se chamaba?] Pablo, Pablo Lariño ...(conto o caso de Melchor, amigo de José Vázquez Roca).. Meu cuñado tampouco estivo aquí, estivo sempre en... Perth Amboy,



New Jersey, e alá murriu. Ten dúas fillas. Tivo dúas fillas e as fillas xa están casadas e xa teñen fillos mozos casados e ten como cinco netos ou tíños meu irmán. E meus irmáns viñeron para aquí, e meu irmán un tivo nun restaurant muito tiempo, o que murriu dun ataque ó corazón, tivo nun restaurante que lle chamaban o Toledo, e despois tivo outro que é o Pazo, que aínda está hoxe, puxo en compañía el mais un cuñado, e despois estaba acabando de cambiarse para o Toledo, para o Pazo e deixou todo medio preparado e fui para pasar as vacacións a España, a muller xa levaba un mes alá amais as rapazas, e el fui e xa non vulviu.

O máis vello tivo licores toda a súa vida, non dos que naceron aquí, dos que viñeron dalá, non sabes? Dos irmáns meus, os propios. E antes tivo unha botánica, muitos anos, no Bronx. [Ah, Antón, ese é o que me dixo Lariño. Era un pouco os que vos recibía a todos] Si, canta xente puxo el legal, puff, cantidá. [Ou sexa, que ese era irmán seu?] Ese era meu irmán, e tivo unha botánica, despois colleu un licor *estor* (store) e despois, agora cando murriu tiña dous licores estores, e agora acobouse todo, ten un fillo, pero o fillo non val para eso, o pobre. [Faloume del Lariño, que cando vén tamén fui a súa casa. Era un pouco os que vos aunaba] Era o director da cuadrilla, el. [Lariño que ten con usté?] Somos primos irmáns, boeno, seu pai e máis eu éramos primos hermanos, e con el somos primos curmáns. O pai de Pepe e máis o meu pai eran irmáns. Do Caxón de Carnota.

___ E cando chegastes aquí en que traballastes?

Tiña meu irmán a casa preparada e con todo, a casa e con todo o que hai nunha casa para vivir. E despois el empezou a traballar nun restauran, mentras non lle buscaban outro traballo, entendes? Despois meu irmán tiña unhas conocidas, unha fui a muller de Pepe, de Lariño, Iris, a muller primeira de Pepe que agora ten outra muller. Meu irmán tiña a botánica alí xunto a onde vivían eles, alí no Bronx, e coñecíanse muito e ela traballaba nun hospital e, entonces, por medio dela ela buscoulle un sitio no hospital, a José.

Eu traballei de lavaplatos uns cuantos anos, o lavaplatos aquí non é traballo [non é traballo?] é unha esclavitú, porque nin tes horario, nin tes salida, nin tes entrada. Páganche cash, ou sea, que non tes seguros, non tes nada. É un traballo pa salir do paso. Se cadra aí hai un restauran que ganas muitos cartos, pero os cartos que ganas tes unha enfermédá ou eso e tes aquí a familia e é peligroso, porque se tes muller e fillos e tes que ir a un hospital ou eso e non hai seguro de nada, traballas por cash, ti traballas uito días alí, os uito días danche, daquela, hoxe danche máis, pero daquela dábanche 100 ou 150 dólares só, non había quitar unha muela nin nada, non había nada. E todo de noite, empezas a traballar ás cinco da tarde, tas suposto de traballar asta ás doce, que son sete horas, non? Pero ás doce échese o restauran de xente, e tes que estar alí e pa lavar platos, eso, non podos marchar, marchos, senón xa non traballas máis. E esa xente marcha ás cinco da mañán, e ti acabas as cinco da mañán e marchas, pa casa. Ou sea vas pa casa, dormes asta as dúas ou tres da tarde e ás catro tes que volver po sitio. Ou sea que é unha esclavitú, unha verdadeira esclavitú. Entonces ti conoces xente, muita xente que vai alí comer, por exemplo dueños de restaurans, xente que traballa en empresas buenas, non? Eu aí conocín a un cubano, a un italiano que estaba casado cunha cubana, e estaba de boss do hospital ese, de boss de hauskibe (housekeeper), hauskibe quer dicir encargado da limpeza, non sabes? Bueno, e entonces



eu conocino alí cando fun alí, e tamén o conecía Iris, a muller de Pepe, porque Iris traballaba xa no hospital, de enfermera. Entonces Pepe máis Iris, el daquela era mozo, despois casáronse e despois separáronse... [Ten unha filla?] Dous fillos, ten un home máis unha muller. Separáronse non hai aínda moitos anos, haberá como tres anos ou catro. Entonces Pepe daquela viña a comer muito alí ó restauran onde traballaba eu de lavaplatos, xa eran mozos, non sabes? e entoncez estando alí Iris díxolle ó jefe ese: porque non lle buscas un traballo a este home no hospital. E dixo el: ti ques vir ó hospital. E díxenlle eu: síiii. E dixo: bueno, eu vou mirar. E nun día díxome el: tes que ir ó hospital pasar unha revisión médica. A revisión médica fanche un examen, non sabes? E fun, incluso o examen fixéramo Iris, traballada daquela de enfermera. E metéronme alí no hospital. Eu traballei doce anos, na limpeza. Despois o hospital cerrou, ou vendérono, cerrou, vendérono e cerrou pa arreglalo, o caso é que a xente botáronos todos fóra, deron un despedido de douscentos ou trescentos dólares e fuera.

E despois o resto do traballo taballei nun edificio de apartamentos, que estaba alí ó lado do hospital. Eu coñecía ó super, o super era italiano, e coñecía ó super, falaba muito con el, non sabes? cando tiña o traballo no hospital. Porque o super os sábados e domingos traballaba alí de *seguriti* (security), no hospital, traballaba de *seguriti*, non sabes? Traballaba de luns a viernes no *bilde* (building) e os sábados e domingos traballaba de *seguriti*. E eu coñecía bien, pois un día díxome: vai á *Unión* (Union), que a *Unión* era daquela era a 32B, chamábase a *Unión*, vai á *Unión* e dille ao fulano da *Unión* que vas de parte miña e que che de traballo. E entoncez fun á *Unión*. Vouche contar o caso: fun á *Unión* alí, o delegado da *Unión* era cubano pero fillo de vascos, chamábase Garaicochea (máis adiante refírese a el como Echeverría), si. Entoncez eu fun alí e dígolle: mira, a min mandoume Palermo aquí, chamábase Palermo, mandoume Palermo a ver si me das un traballo acá e tumba. Sí, sí, ok, eu chámome, dixo el: eu chámome. Pero eu salín dalí da oficina e cando marchei dixen eu: chámome e non me preguntou o teléfono, nin como me chamo. Como me vai chamar? Fui unha cousa pa votarte xa, non entendes? pero eu decidín e volvín pa riba, non sabes? e, díxenlle eu: xabes o que estou pensando? E díxome el: que? El era cubano, fillo de españoles, fillo de vascos, non sabes? Ti non me vas chamar a min. E díxome el: por que? Non me pedistes os apellidos, non me pedistes o número da casa, nin o teléfono, como coño me vas chamar? Eu tiña entrado alí que había que untar, non sabes? que era un larpán, que había que darlle algo. Entoncez agarrei, tiña alí a carteira e dixen: toma, cen pesos, cando me busques traballo, que me dis que mo busque, eiche de dar máis. Xa me tomou o apelido, xa me tomou a dirección e ó outro día xa me chamou. Eran cen pesos e xa estaba esperando polos outros cen. Chamoume e díxome: vai a tal sitio, a tal edificio alí na catorce, tal e tumba, alí dille que ves de parte de Echevarría, de parte do delegado da *Unión*. Alá fun, pero cando cheguei á catorce estaba este Palermo alí, Palermo... e díxome: a donde vas? E díxenlle: vou aí, mandoume Gaicochea e tal. Non vaias, vente paquí, teño falta dun home e quedas aquí. E traballei alí asta que ... [Eso era na 14, en Manhattan. E aí me dixeron que se facía a festa de Santiago Apóstol, acórdase deso?] Si [Como era?] Si, había alí unhas iglesias que sacaban o santo en procesión. Era unha cousa parecida ó Santiago Apóstol, non era Santiago Apóstol. Había unha imitación. [E facían sardiñadas, cerraban a calle?] Cerraban a calle, facían sardiñadas e eso. [Eran todos españoles?] Si, españoles, e puertorriqueños, mezclados. De habla española, non sabes? Había máis que españoles,



despois había puertorriqueños, había cubanos, había la leche. [E o santo sacábano como en procesióna, como en Samamede?] Parecido, algo parecido. [E iba polo Nacional?] Si oh, muito, eu fun alí a comprare, a comprare carne, pescado, había de todo eso. [Pero vendían na sociedade esa?] Si. [A, pensei que era só un restaurante] No, no, era unha cousas de vender, a Nacional. [Pero a baixo teñen o restaurant e arriba...] A baixo teñen o restaurante e arriba vendían cousas de España todo. Tiñan muitas cousas, tiñan tamén unha carnicería aparte, tiñan unha, como se chama?, peixe de importación. Tiñan muitas cousas. Eran todos gallegos os que vendían alí. Eu alí comprei muito pulpo, si. [E de donde viña o pulpo?] Viña das Canarias, das illas Canarias. [Fresco?] Fresco. Aquí tamén o hai de Portugal. Vístelo? [Si, na 30] Pero ese non é de Portugal e, de Portugal tes que ir a ... hai dous estores de Portugal, propios de portugueses, non sabes? que están aún en Xamaica. [Si, faláronme del] Hai tes propio de Portugal máis de España. Aí teño comprado merluza, fresca e, que vén en avión, non sabes? Sardiñas. Sardiñas, frescas, xurelos, fanecas. Ah unto. Hai unto, alí hai de todo, de todo. [Ou sea, que vos comedes como alá] Eu iba comprar muito aí, pero agora xa hai tempo que non vou, pero iba muitas veces, en tren e despois cando viña un amigo viñamos no coche, non sabes?, pero muitas veces en tren. [Comedes caldo...] No, no, igual. A comida nosa é a comida dalá toda. Aquí o que na nosa casa... (córtase)

__ Cantos anos tiñan os fillos cando viñeron para aquí? Naceron todos aquí?

Alá. Un tiña cinco anos e outro tiña once. Ese... O fillo vive aí nesa casa (e sinala unha casa mesmo enfrente), que ten o letreiro de venta, na ventana, si. A casa esa vindiuse o outro día. Estáa vendendo. Vindiuna xa. Está apalabrada. A casa esa estivo hai cinco anos que se comprou, e estivo aí e agora non sei que problemas ten. [Quererá cambiar de sitio] De sitio non, pero, é muita carga, entendes? Ten os dous rapaces na escuela, na Inmaculada. A muller non traballa. A muller non traballa, traballa un día e outro día non traballa, e entonces hai muitos ghaustos e muito morche (mortgage) da casa para pagar. Aquí hai que traballar dous, si non traballan dous, asunto jodido. Se tes que estar a un sueldo pa todo, malo. [A muller é americana?] Puertorriqueña. A muller é americana si, nacida aquí pero de pais puertorriqueños. É de pais puertorriqueños. Traballa el solo e entonces, el ten un sueldo bueno pero o sueldo vaise todo, entre a escuela católica, entre un lado e o outro vaise todo. Hai muitos ghaustos e o morche da casa, para pagar, eso cada mes e despois outros gastos, hai muitos gastos nunha casa. E, entonces, vindiu agora, como as casas subiron, entendes?. Ganoulle cartos. [Pero vai seguir vivindo nela] Vai vivir aquí, é onde vive a irmán de Maía José, vaise mudar. El comprouna en 229. 229 ou cuarenta. 229, hai cinco anos, e vindiuna en 650, eu creo que lle dou cartos, uns cartos buenos. A casa ten un problema que a casa é dunha familia sola, sabes o que che digo? Entonces el ten arriba unha familia ilegal, están en renta, pero é igual, se o collen métenlle unha multa a mais ten que desacupala, entonces, enfín. Despois é pequena, eles son catro e despois o de arriba e non ten máis que un espacio abaixo, non me entendes? E é bastante pequeno, non sabes? E aquí hai muita cousa, cómprase muita cousas e despois échense as casas e non hai donde meter, non hai espacio para nada. Tanto xoguete, tanta cousa, aí. [Vos tedes casa en Carnota?] Temos. [Nas aldeas son máis grandes as casas] A nosa non é mui grande tampouco, porque o sitio era pequeno e houbo que adaptarse ó que había. Temos dúas casas, non grandes, pequenas, bueno, unha casa normal, outra máis pequena. A outra eran cortes e cubertos, pegados, non sabes?



Entonces cunha grúa, cunha pala desas quitei todo e fixen alí unha casa pequena porque a nós agora as cortes e os cubertos non nos fan falta, non temos vacas, nin galiñas, nin. Pero non fixemos ben, si fora hoxe facíamola toda unha, entendes? Porque non temos sirvicio ningún, entendes? Non tes onde poñer nin leña... ti sabes, bueno non saberás, a casa de fronte nosa, a nosa está aquí ó lado derriba da carretera e esa outra aí viviu moitos anos unha familia dalá de donde es ti, viviron moitos anos aí [E en que traballaba el?] Eu non me acordo en que traballaba el. El traballaba bebendo whisky. El bebía moito (rin), non me acordo onde traballaba, pero emborrachábase moite eh ... É daí darrriba de Cee. O fillo despois, eu agora olvídomo das cousas, pero aí viviu moitos anos. E viviu outro que lle chamaban Bienvenido, tamén non o conocerás ti tampouco, que tamén traballou no aserradero. [Bienvenido do Trono, que é de Mintiráns?] A muller creo que lle chamaban María, me parece? ... Aí no sarradero (sic) traballaron moitos daí abaixo, traballou Macario, que era o pai desa rapaza, chámanlle Macario. O pai de Chiruca. Si, traballaron aí, despois traballaron outros máis, despois viñeron uns chofers tamén dalá, traían dalá eles, non sabes?, de pé do Ruco, dalá de Pereiriña ...

— E vostede en que traballou cando chegou aquí?

Eu aquí traballei en factoría, 18 anos. [factoría, que facía?] Dez anos onde se facía gersés (xerse) e sueras (sudadeiras), eu poñíalle a tira que vai aquí ó sueter amais as tiras da suera, así (sinala o pescozo), e nesa traballei dez anos, e despois cambicime para outra para aquí para o Bronx e aí limpiando pantalóns, cortandolle os fíos ós pantalóns cunha máquina de limpiar, as máquinas facían os pantalóns e despois as limpiadoras limpiábamossle, cortábamossle [Porque a maioría das mulleres que veñen limpan casas] E despois desde que me, aí no Bronx traballei oito anos, e dezaoito anos, e aquí no Bronx cerrou a factoría, e eu estaba pagando a unión, e entón a Unión para cobreres a Unión tes que traballar dez anos, e entón eu traballei oito e quedei sin e busquei traballo por alí e non encontrei traballo pola Unión. E quedei sin traballo, e estiven sin traballar, e despois traballei en casas, asta que me retirei, xa tería eu sesenta e nove anos (?) [E traballabas no Bronx e vivías por aquí?] Si, aquí. O desprazamento é fácil, porque colles o tren aí, o *sabgñei* (subway) non sabes? eso é fácil, ó conecer ... A factoría esa é de italianos, levaba aí anos e anos.

A cousa non é tan fácil como parece, ou sea que ti ves a vir aquí a este país, como fixeron moita xente, e o país é rico, o traballo, hai oportunidades, se cadra vas a España presumindo dunha tontería que non existiu aquí, aquí fostes un esclavo, sabes o que quero dicir? E que vas presumir a España? Mira, vouche dicir unha cousa, eu cando viña a España, porque eu antes a España fun pouco, porque mentras traballaba non tiña vacacións bastantes pa ir, agora vou todos os anos, non sabes? desde que me pensioneiei. Botamos seis anos o primeiro tempo sin ir. Pero moitas veces chamaba a un taxista que lle chamaban Brea, que viña buscarnos a Santiago. Nos vivimos en Carnota, Santiago vas no autobús, pero ... unha vez doume gana de rir. Unha vez preguntoume, eu cando montaba no coche del viñamos conversando, parábase nun lado e íbamos tomar unha copa, e un día dime: oes, ti en que traballas na América, perdona e que che diga tal. Digo eu, limpando baños, eu traballaba daquela de (*), limpeza. E díxome: boeno, eso hai que ver. No, no limpando baños. Baños, estaba nun piso. Baños, non é asunto, díxolle eu: non é asunto. Dixo el: no,



eu viña buscar moitas veces xente aquí a Santiago que viven en Baion (Bayonne), Baion é un sitio donde viven, en New Jersey, e entran no coche e case se pelean polos *paipos* (pipes), empezan a falar dos *paipos*. Os *paipos* os que traballan na construción, chámanlle ós tubos que meten pola calle. Eu non sei que son os *paipos*, pero empezan a falar e un que mete cincuenta mil *paipos*. E digo eu: eses tamén pasan traballo a jodelo, eses son os que traballan na construción, no inverno nevando, aí, e entón van nos coches dalá e eso presumindo dos *paipos*. [A maioría dos homes traballan neso] É onde máis ganan, creo eu, na construción. Pero é esclavo eh. E no vran igual, no vran hai a 80 grados de calor (referencia a graos Fahrenheit) e están aí sudando asta a última ghot. Non é tan fácil. Sin traballo non hai cartos, hai que traballar para ganar. [Entón nesta zona había moita xente de Carnota] Aquí hai moitos en Astoria, moita xente de Carnota, 0 70%. Donde máis xente de Carnota hai, quero dicir do ayuntamiento: Louro, Lariño e Pindo, é en Bayonne. En Bayonne si. É onde máis hai, amais aí hai un centro gallego, non sabes. É o club, eu teño unha irmán casada alá, que xa leva alá moitos anos, ela vén praquí antes que nós. É o club gallego. Ou habíao, que meu cuñado iba moito aí tamén, que meu cuñado murriu, e antes había, facían aí os callos...[Súa irmán casou aquí ou alá?] Miña irmán casou alá, con un dos Morenos, da cas dos Morenos, ten familia en Panchés. Ela fui a primeira que vén paquí, miña irmán. [Eu non coñezo Bayonne..] ai hai moita xente dalá eh... Alí hai do Pindo, hai do Ézaro, hai de Muros, hai de Louro, hai de Lira, hai de Carnota; alí é donde máis xente hai do ayuntamiento de Carnota. Hai un *clo* (club) que chaman o *clo* de Astoria, non. D'Astoria non, de Bayonne. De Bayonne, alí están todos xogando a partida, ó dominó, á berisca, porque van todos os sábados e domingos a pasar alí o rato, non sabes? e despois pola semana van tomar sempre alí un trago ... Non hai agora o *clo*. Como non vai haber oh, como non vai haber agora o *clo*, cando cerrou logho? Entonces van todos alí tomar unha cerveza ou unha coca cola ou algo. [E vos ides a Casa Galicia?] Nos nunca fomos, nos nunca fumos a nada. Acórdome eu que cando traballaba na primeira factoría. Pero é que non ten beneficios ningún, por exemplo alí no *clo* e tes billetes de avión máis baratos, aquí non tes máis que comidas. Alí por exemplo si es socio a comida váleche des pesos menos, ou sea que por navidá van moitos a comer aí ó *clo*, que fan comida, e o que é socio cóstalle des pesos menos, non vale a pena ser socio... É o que ten rapaces oh, non sabes, xúntanse uns cos outros, teñen clases de baile. Ti fostes algunha vez [si] coñoces ó cucifeiro dalí [si, Piñeiro] É veciño noso, é o home de Elvira. Estuvo sempre de cucifeiro desde que vén paquí, en Manhattan, nun restaurán. Fai ben de comer. E agora non sei si se retirou. Como se vai retirar, marchou paí pa traballar, como se vai retirar si é máis novo ca min vinte anos.... Disque fai moi ben de comer... onde se xunta máis a xente aí e ver partidos, partidos de futbol ... (breve corte e cambia a conversa)

[A usted non lle gusta o futbol?] Si, pero téñoo aquí na casa e véxoo aquí na casa. El non é amigo de salir. [Pero aquí xuntávos nas tardes no verán?] Aquí, mira, o pai de María viviu arriba amais súa nai amais eles vivían aquí, e cando eles vivían aquí aí na nosa porta aquí era como se fora un teatro, porque viñan os darriba, viña outro irmán que despois que marcharon eles viviu tamén aquí, que marcharon este ano pasado retirados, e que lle chamaban Juan, e entonces aquí era unha fuliada, viña... Aquí, nesta calle aquí hai moito gallego, non sabes? todos de Carnota. Si. Vivía o pai de María, vivía un tío de María, vivía, bueno, María viviu aquí amailos irmáns, María a que está casada con Xaquín, un irmán de



María vive aí na casa do meu fillo, hai un de Arteixo que vive aí, hai outro de Noia, había outro de Noia que lle chamaban José. Uns de Carnota que lle chaman da Mestra, coñoces os da Mestra? [Hai uns de Carnota aí?] Si [Como se chama?] Pedro. [É vello, novo?] Terá 48. Xa, eu non creo que teña tantos anos Pedro. E logo cantos ten Lola, cantos ten xa Lola, ten 40, ten 30? Terá, pasan pa todos. El é carpinteiro. [Como dixestes que se chamaba?] Pedro, Pedro Domínguez, Domínguez Beiro, si. [Vive aquí na vosa calle?] Vive, é aquí dúas casas para baixo que ten unha capotiña de pedra, eicha de ensinar eu, desde aquí xa se ve cal é. aí donde viven o meu fillo aí arriba vive o irmán de María, Caamaño, un irmán dela. E aí vive Lola, esa Lola que vai a mais o home que é Pepe. Eses van muito a Casa Galicia, ten un fillo que baila, baila. [Si, vexoos, aínda a vin o viernes que coñecín a un que se chama Tino...] O si, é primo de María, son fillos de irmáns María e mais el. [Que leva aquí dez anos sin ir alá] Si, aínda creo que está sin papeles. Bo rapaz. É mui traballador, buff, xa é forte, e a muller é de Serres, a muller del é de Serres. O outro día fun eu ó médico e viña el maila muller que ten unha nena, eu de verdá había un mes que non o vía e casi non o coñecía. Dixo el: coño, xa non falas, e eu xa vexo pouco das cataratas, coño ti a onde vas? É un fenómeno. Eh, non vés ó médico? E dixo: non que se vou ó médico é un problema, vai empezar a descubrir cousas e non podoo comer. El xa sabe o que ten, porque el ten diabetes, ten colesterol, prefiere estar así sin saber o que ten e comer o que lle faga falta e cando sea que ten esa técnica el ...vou facelo cafe ... (córtase)

...chamábanlle o Barqueiro, de apodo, non sabes? [os Codillas e o Barqueiro] o Barqueiro tiña alí unha casaña na Pontevella (Caldebarcos?), non, e el buscoulle cen pesos a un da montaña, cen pesos que lle facían falta, non sabes? e o da montaña prestoullos e el nunca llos podía pagar, e entonces viña todos os días pedirillos. Coño Manuel a ver si me das os cen pesos e tal. Eu non teño, no teño nada. E un día ven e dille: si non me das os cen pesos vouche enriba da casa eh, díxolle o da montaña. E díxolle el: vai enriba da casa pero quita os zapatos non jodas as tellas. [E alí en Caldebarcos que pescabas?] Sardiñas [Para vender fóra?] Si, viñan eses barcos que chaman galeón, non sabes? que chaman galeóns e vendíanselle ós galeóns. E despois había tramallos... maraghota, pintos, robalizas e eso. [E os de Samamede íbades á praia, ó berberecho?] Os de Samamede íbamos ó mar cos de Caldebarcos, ti si quirías ir ó mar tiñas que ir a Caldebarcos, porque cada barco tiña que levar cinco ou seis homes, íbas alí, collías unha plaza por exemplo nese barco e íbas todo o tempo. [Pero os labradores íbades á praia a buscar algas...] Si, si, a todo, que agora xa no se pode ir, pero antes íbas a todo, as agullas na Boca do Río. [Agullas?] si, unhas agullas pequeniñas cuns dentes. [Ah, os pións?] Pións. A de cangrexos e berberechos que alí había! Este ourizos, mexillóns, era unha praia mui rica. Queres ver que os vin o outro día nun *estor* (store) que hai aquí, ourizos, pero ten un color que os dalá son oscuros. Sabes que hai berberechos, mui pequenos, pero mui sabrosos, mellor cos de Muros, non sabes? Os de Muros son grandísimos pero disque son criados por muita basura, non sabes? Aqueles son criados limpios. Mui pequenos, pero mui sabrosos, berberechos, ourizos, mexillóns, agullas, navallas, é rico aquilo, agora non se pode coller. Non que che castigan. [E na semana santa íbades á marea?] Si, traíamos arneiróns do Caxido, que é abaixo de Maceiras, indo para Muros, é o Caxido que cando papá iba pescar tiña alí o barco, deixaba o barquiño alí e alí eran os mellores mexillóns e arneiróns, e pulpos nos furados das pedras e levábamos todo fresquiño eh. Cando viña papá do mar íbamos buscarlle o peixe ó Caxido e aínda saltaban



algunhas veces saltaban no cesto de estar vivos. É rico alí eh!, pero non che deixan coller agora. [Tampouco hai tanto] É que anduveron uns barcos aí arrastrando cuns aparellos de arrastre e levaron todo canto había ... logo un arroz con berberechos non sabe ben? e con cangrexo deses de río. [Nunca o comín] Non! Ai, que ben sabían. Alá na nosa praia en Carnota iban ós domingos, íbase a onde había pozos no campo, antes de chegar á area, e poñías a man e collíalos, pero aghora... Hai un *estor* aí na 35, que hai un *estor* de comida a mais despois ten de todo, e na miña vida vin os mexillóns congelados nuns platos así, nunca os vin así... Son os mellores, non veñen en bravo, non me entendes? Veñen purificados. [Pero todo ten que estar purificado] No, no na 30 hainos aínda a granel... Eu teño ido aquí os mexillóns, si, eu amais un home que vivía aí que era de Sada, máis un sobriño que lle chamaban, como lle chamaban? Arturo. Arturo, íbamos nun coche alá a unha praia lexos, non sei como lle chaman. Que bos eran, sabían como os dalá eh. Traíamos un saco deles. Pero xa hai tempo que non vai, agora o que estaba aí marchou ...

Aquí había outra xente tamén, de Sada. Na casa do lado. E outro de Noia. [Non tiñas que aprender inglés] Nesta calle había moitas familias gallegas. [De Carnota agora xa non vén xente?] Xa non hai xente en ningún lado, xa non ven xente porque pa emigrar é mui difícil, me entendes? Xa non che dan traballo, vas a buscar traballo sin papeles e non cho dan tampouco. Ou sea que é mui difícil. Antes viñan aquí e ibas e dábanche un certificado, por cen pesos e ibas traballar ... presentábalo e non che preguntaban si era falso ou mentira, a traballar e punto ...

___ Como se chaman os que viven ó lado, que teñen a empresa de construción

Costas, un chámase Juan e outro Francisco. Non, un Francisco e outro Pepe, Juan é o que está en España, estivo aquí tamén, agora ten unha compañía alá tamén. Traballan mui ben estes chavales. Son mui finos traballando, máis mui formales. Son de Pedrafigueira, ó lado de Carnota.



Imaxe 1. Casa Galicia-Unity Gallega of de US Inc. Foi fundada en 1940 e Castelao foi un dos seus promotores durante o tempo que estivo en Nova York. A Casa Galicia tivo a súa sede en Manhattan, mais desde 1994 está situada no distrito de Queens. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 2. Sociedad Española de Socorros Mutuos (Centro Español-Spanish Benevolent Society), mellor coñecida como *La Nacional*. Foi creada no ano 1868 para dar apoio e asistencia aos emigrantes de orixe español recién chegados a Nova York. Está situada na rúa 14. Foto de Manuel Vilar Álvarez.